

ACTA NÚM. 15 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E OITO DE OUTUBRO DE 2015.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **oito horas e trinta minutos** do día **vinde e oito de outubro de 2015**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria urxente.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Dios Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Dona María José Tobar Quintanar.

Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.
Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Non asiste a concelleira, Dona Branca Petra Novo Rey.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **Interventora do Concello.**

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

1. Ratificación da urxencia da convocatoria.

2. Proposta da concelleira delegada de economía e facenda de aprobación de solicitude ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de deferimento nas devolucións dos saldos negativos resultantes da liquidación na participación en tributos do Estado correspondentes ao exercicio 2013 por importe de 1.106.891,41 euros para a súa devolución en 120 mensualidades.

Alcalde: Bos días a todos e a todas. Pasamos logo a iniciar esta sesión extraordinaria e urxente do pleno convocado para hoxe con dous puntos na orde do día.

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

Alcalde: A urxencia da convocatoria ven condicionada polo calendario, xa que hai que tomar unha decisión antes do día 1 de novembro a respecto desta devolución e como acordala. Así que o que tocaría se ninguén ten nada que dicir, é ratificar a urxencia.

Don Rubén Cela Díaz: Non é unha cuestión de orde, como é un punto, supoño que se pode intervir. Eu simplemente por clarear unha cuestión. Nós imos votar favorablemente a urxencia deste pleno, máis por responsabilidade que por convición, porque, tal e como comentaba o alcalde, certamente, é evidente que para poder tramitar unha petición de fraccionamento en 120 mensualidades da devolución do PIE hai que formalizalo en pleno antes do día 1 de novembro. Isto é así, e a estas alturas a única posibilidade real para facelo é esta, a convocatoria dun pleno extraordinario e urxente, pero que na propia comunicación que se nos remite aos grupos a comunicación oficial

do Estado ao Concello de Santiago ten rexistro de entrada neste concello, senon me falla a memoria, creo que o 20 de agosto. Polo tanto, é evidente que isto se puido traer ao pleno ordinario do mes de outubro, e incluso ao pleno ordinario do mes de setembro. Polo tanto, eu creo que non é, nin unha cousa sobrevida, nin imprevista, que son os requisitos que deberían ter para traer unha convocatoria deste tipo.

Con todo, nós non temos ningún problema, cremos que o importante é que se poida tramitar, e non imos obstaculizar por ningunha cuestión de tipo burocrática, pero eu quero que conste.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde. O grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela, tamén vai votar a favor da urxencia desta sesión de carácter urxente e extraordinario, pero tamén queremos facer constar o seguinte:

A urxencia é francamente limitada, polo tanto, o noso voto é claramente por responsabilidade, porque a Federación Española de Municipios e Provincias nunha circular que emite o 30 de xullo deste ano, circular 55/2015, asunto, liquidación definitiva da PIE 2013, indica moi claramente que ten que facerse todo o proceso; tendose primeiro que aprobar polo pleno e despois a remitir ao Ministerio de Facenda antes do 1 de novembro de 2015. Polo tanto, polo menos, dende o 30 de xullo deste ano se sabía perfectamente esta cuestión, e que se tiñan que devolver 1.106.000 euros. Se coñece efectivamente polo menos dende o 12 de agosto deste ano, que é cando ten entrada a comunicación do Ministerio de Facenda.

O feito de que, como todo o mundo coñece, o 1 de novembro ven despois do 31 de outubro e antes do 2 de novembro, fai que é difícil plantexar que exista ningún feito sobrevido neste caso. A pesares diso, e por responsabilidade, o Partido Socialista vai votar da urxencia deste pleno extraordinario.

Alcalde: Pois moi ben, agradezo a responsabilidade do BNG e do PSdeG-PSOE. Señor secretario, proceda á votación.

Secretario: Por unanimidade dos presentes, queda aprobada a urxencia da convocatoria da sesión.

2. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA DE APROBACIÓN DE SOLICITUDE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS DE DEFERIMENTO NAS DEVOLUCIÓN DOS SALDOS NEGATIVOS RESULTANTES DA LIQUIDACIÓN NA PARTICIPACIÓN EN TRIBUTOS DO ESTADO CORRESPONDENTES AO EJERCICIO 2013 POR IMPORTE DE 1.106.891,41 EUROS PARA A SÚA DEVOLUCIÓN EN 120 MENSUALIDADES.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda de data 16 de outubro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“Os resultados da liquidación definitiva do exercicio 2013 na Participación dos Tributos do Estado, como diferenza entre a liquidación real e as entregas a conta efectuadas arroxou un resultado negativo ao ser estas superiores a aquela; no Concello de Santiago de Compostela, segundo comunicación efectuada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, dito resultado negativo ascendeu en termos globais a - 1.106.891,41 euros, segundo detalle se reflicte no estado-resume que se xunta datado o 17 de xullo de 2015.

Reprodúcese neste exercicio a situación xa xerada nos exercicios 2010 e 2011 respecto das liquidacións dos exercicios 2008 e 2009 respectivamente; respecto destas liquidacións, sucesivas modificacións legislativas concluíron no deferimento das contías a reintegrar anualmente a un período de 10 anos sendo o resultado a devolver por exercicio o seguinte:

	IMPORTE INICIAL	CONTÍA MENSUAL A REINTEGRAR ATA SETEMBRO DE 2012	CONTÍA MENSUAL A REINTEGRAR ATA DECEMBRO DE 2013	CONTÍA MENSUAL A REINTEGRAR DENDE XANEIRO DE 2014	CONTÍA MENSUAL A REINTEGRAR DENDE XANEIRO DE 2015
LIQUIDACIÓN 2008	1.921.341,67	32.022,36	4.269,66	12.808,95	5.274,27
LIQUIDACIÓN 2010	6.354.069,02	105.901,15	35.300,37	52.950,57	21.803,18

Respecto dos saldos negativos a reintegrar derivados da liquidación do exercicio 2013, é preciso sinalar que, con carácter xeral, a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 sinalaba no seu artigo 72:

“Uno. Una vez conocida la variación de los ingresos tributarios del Estado del año 2013 respecto de 2004, y los demás datos necesarios, se procederá al cálculo de la liquidación definitiva de la participación en tributos del Estado, correspondiente al ejercicio 2013, en los términos de los artículos 111 a 124 y 135 a 146 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, teniendo además en cuenta las normas recogidas en los artículos 98 a 101, 103 y 104 y 106 a 109 de la Ley 22/2013, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2014.

Dos. Los saldos deudores que se pudieran derivar de la liquidación a la que se refiere el apartado anterior, en el componente de financiación que no corresponda a cesión de rendimientos recaudatorios en impuestos estatales, serán reembolsados por las Entidades Locales afectadas mediante compensación con cargo a las entregas a cuenta que, en concepto de participación en los tributos del Estado definida en la Sección 3.ª y en la Subsección 1.ª de la Sección 5.ª de este Capítulo, se perciban con posterioridad a la mencionada liquidación, en un periodo máximo de tres años, mediante retenciones trimestrales equivalentes al 25 por ciento de una entrega mensual, salvo que, aplicando este criterio, se exceda el plazo señalado, en cuyo caso se ajustará la frecuencia y la cuantía de las retenciones correspondientes al objeto de que no se produzca esta situación.

Tres. Los saldos deudores que se pudieran derivar de la liquidación a la que se refiere el apartado Uno anterior, en el componente de financiación que corresponda a cesión de rendimientos recaudatorios en impuestos estatales, serán reembolsados por las Entidades Locales afectadas mediante compensación con cargo a los posibles saldos acreedores que se deriven de la liquidación del componente correspondiente al concepto de participación en los tributos del Estado definida en la Sección 3.ª y en la Subsección 1.ª de la Sección 5.ª de este Capítulo. Los saldos deudores restantes después de aplicar la compensación anteriormente citada, serán reembolsados por las Entidades Locales mediante compensación en las entregas a cuenta que, por cada impuesto estatal incluido en aquella cesión, perciban, sin las limitaciones de porcentajes y plazos establecidos en el apartado anterior.

(...)."

Posteriormente, a Disposición adicional décima do Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de diciembre, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico inclúe o réxime especial de reintegros de ditos saldos debedores nos seguintes termos:

"1. El reintegro de los saldos que resulten a cargo de las entidades locales en la liquidación definitiva de la participación en tributos del Estado correspondiente al año 2013 podrá fraccionarse en un período de 10 años, exceptuando el régimen de reintegros aplicable con carácter general y contenido en la Ley de Presupuestos Generales del Estado para el año 2015.

2. La aplicación de la excepción recogida en el apartado 1 anterior requerirá la presentación de la solicitud por las Entidades Locales, que deberá ser aprobada por el Pleno de la corporación local y se remitirá por el interventor o el secretario-

interventor al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas por medios telemáticos y con firma electrónica con anterioridad a 1 de noviembre de 2015.

En el caso de que las Entidades Locales no presenten la solicitud en el plazo antes citado se les aplicarán los reintegros de acuerdo con el régimen general establecido en la Ley de Presupuestos Generales del Estado para el año 2015, regularizando con cargo a la entrega a cuenta del mes de noviembre los reintegros que se habrían debido aplicar en la entrega correspondiente al mes de octubre.

3. Dicha excepción se aplicará a las entidades locales que, además de haber presentado la liquidación de los presupuestos de la totalidad de entidades integrantes de la corporación local correspondientes al ejercicio inmediato anterior a aquel en el que se calcule aquélla, prevean cumplir a 31 de diciembre de 2015 con el objetivo de estabilidad presupuestaria y con el límite de deuda pública establecido en los artículos 51 y 53 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 marzo, y cuyo período medio de pago no supere en más de 30 días el plazo máximo establecido en la normativa de medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, de acuerdo con el periodo medio de pago a proveedores que publiquen en el mes de octubre de 2015, conforme al Real Decreto 635/2014, de 25 de julio, por el que se desarrolla la metodología de cálculo del periodo medio de pago a proveedores de las Administraciones Públicas y las condiciones y el procedimiento de retención de recursos de los regímenes de financiación previstos en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

A los efectos anteriores, se considerarán entidades integrantes de la corporación local aquellas a las que se refiere el artículo 2.1 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

En cuanto a la previsión del cumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria y del límite de deuda antes citada se tendrá en cuenta la información correspondiente al tercer trimestre de ejecución del presupuesto del ejercicio de 2015.

4. La aplicación efectiva de la excepción citada en el apartado 1 anterior se iniciará en la entrega a cuenta de la participación en tributos del Estado del mes de enero del año 2016, siendo a partir de entonces los reintegros mensuales aplicables los que resulten de dividir el importe pendiente de reintegrar el día primero de aquel mes entre 120 mensualidades.

5. La excepción establecida en el apartado 1 anterior se mantendrá siempre que las Entidades locales afectadas aporten la liquidación de los presupuestos de la totalidad de entidades integrantes de la corporación local y se cumplan los objetivos y límites citados en el apartado 3 y referidos en todos los casos a 31 de diciembre del ejercicio inmediato anterior. En el caso de que el incumplimiento se produzca en dos ejercicios consecutivos se aplicará a partir de la entrega a cuenta del mes de enero del ejercicio siguiente el fraccionamiento de acuerdo con el régimen general que establezcan las Leyes de Presupuestos Generales del Estado de cada año.

En el caso de que se produzcan los incumplimientos antes citados y hayan transcurrido más de tres años completos desde el cálculo de la liquidación definitiva correspondiente, se deberá reintegrar el importe pendiente por doceavas partes en las entregas mensuales a cuenta del siguiente año natural.

6. En el caso de que, como consecuencia de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado correspondientes a ejercicios posteriores a 2013, resulten saldos a ingresar a las Entidades locales a las que se aplique el régimen especial definido en esta norma, aquellos saldos compensarán el importe que quede pendiente de reintegrar por las Entidades locales citadas en el momento de calcular dichas liquidaciones definitivas.

Si, como resultado de esa compensación, el saldo pendiente de reintegrar correspondiente a la liquidación del año 2013 fuere inferior a la décima parte del saldo que se hubiere fraccionado de acuerdo con el apartado 1 anterior, aquél se cancelará mediante reintegros aplicados a las entregas a cuenta de los doce meses siguientes.

7. Si el importe pendiente de reintegro a 31 de diciembre de cada año fuese igual o inferior a 500 euros, se reintegrará por su totalidad en la entrega a cuenta del mes de enero.

8. No podrán acogerse al régimen especial regulado en esta norma los municipios incluidos en el artículo 39.1 de este Real Decreto-ley."

Co obxecto de minorar o impacto desta devolución na Facenda municipal, como consecuencia dunha actuación nin situación non provocada pola mesma., senón pola propia dinámica da actuación estatal, esta concellería, en uso das competencias atribuídas pola lexislación de réxime local, PROPÓN ó Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Administracións Públicas e Especial de Contas, a adopción do seguinte

ACORDO

Solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o deferimento nas devolucións dos saldos negativos resultantes da liquidación na Participación dos Tributos do Estado correspondentes ao exercicio 2013 por importe de 1.106.891,41 euros para a súa devolución en 120 mensualidades, nos termos establecidos no artigo 72 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2015 e Disposición adicional décima do Real Decreto- lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

O presente acordo quedará supeditado á acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos en dita normativa.”

Dona María Rozas Pérez: Bos días a todos e todas. A proposta que traemos na orde do día, como acaba de comentar o alcalde, é unha proposta de deferimento da liquidación da devolución do PIE 2013, da devolución da participación dos tributos do estado do 2013. Os resultados da liquidación definitiva demostran un saldo negativo, un saldo a devolver ao Estado por un importe de 1.106.891,41 euros, segundo nos comunica o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Reprodúcese entón neste exercicio o mesmo que aconteceu en exercicios anteriores, o mesmo que aconteceu no 2010 e 2011 coas liquidacións definitivas do 2008 e 2009, que arroxaron tamén un saldo negativo. En concreto no 2008 era un saldo de 1.921.341,67 euros e o 2009, 6.354.069,02 euros. En total case 8.300.000 euros, algo máis que o actual, e que aínda está pendente de devolución. Estase a cursar a devolución polo Concello de Santiago, estando pendentes, a principios do ano 2015, 5.559.000 euros.

A lei de orzamentos xerais do Estado do ano 2015 e a disposición adicional décima do Real Decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas, entidades locais e outras de carácter económico, contempla a posibilidade de fraccionar esta devolución nun prazo de 120 mensualidades, nun prazo de dez anos, que é á que se acolleu o concello nas ocasións anteriores. En concreto, di literalmente: “que os reintegros dos saldos que resulten a cargo das entidades locais na liquidación definitiva da participación nos tributos Estado correspondentes ao ano 2013, poderá fraccionarse nun período de dez anos”. E que a aplicación disto, a aplicación deste fraccionamento en dez anos require a presentación da solicitude polas entidades locais que deberá ser aprobada polo pleno da corporación local, e que remitirá polo departamento de intervención municipal ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Dende o goberno de Compostela Aberta, facemos a proposta de fraccionamento desta devolución en dez anos co obxectivo de minorar o impacto que poida ter esta

devolución na facenda municipal e nos recursos do concello. Co obxectivo de minorar o impacto dunha consecuencia que non é achacable a nós, entón, propoñemos o seguinte acordo a este pleno:

Solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o deferimento nas devolucións dos saldos negativos resultantes da liquidación na Participación dos Tributos do Estado correspondentes ao exercicio 2013 por importe de 1.106.891,41 euros, para a súa devolución en 120 mensualidades, nos termos establecidos no artigo 72 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2015 e na Disposición adicional décima do Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico. O presente acordo quedará supeditado á acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos en dita normativa. Máis nada.

Don Rubén Cela Díaz: Moi brevemente. O grupo municipal do BNG novamente vai votar favorablemente a este punto, e novamente por responsabilidade, porque acreditamos que na actual situación económico-financeira deste concello é lóxico, como así se fixo en ocasións anteriores, que existindo a posibilidade o concello se poida acoller á devolución deses 1.106.000 euros, en 120 mensualidades. Porén, nós non podemos deixar de comentar dúas cuestións, que nos parecen relevantes, neste pleno:

A primeira delas, que o que aprobamos hoxe aquí é exclusivamente unha solicitude, outra cousa é que o Ministerio aprobe ou non esa solicitude, cousa que dende logo o noso grupo a día de hoxe non se atreve a aventurar porque non temos elementos de xuízo para sabelo. Entre outras cousas, porque esta solicitude vai vinculada ao cumprimento dunha serie de parámetros por parte deste concello, como pode ser o pagamento a provedores ou outros que nós descoñecemos cal é a súa situación actual porque descoñecemos os datos do terceiro trimestre. Polo tanto, eu o que quixera é aproveitar este pleno para solicitar formalmente ao grupo de goberno que o antes posible faga públicos e dea a coñecer ao conxunto da corporación os datos do terceiro trimestre, unha vez que se deron a coñecer os do segundo, pero parécenos importante ter os datos actualizados de todos eses parámetros económicos e financeiros.

En segundo, quixera reiterar a preocupación do noso grupo, que xa trasladamos no pleno do mes de outubro, a respecto da falta de aprobación do plan económico financeiro, unha vez que se incumpriu a regra de gasto e unha vez, como xa comentamos no pleno anterior, que non é algo potestativo do grupo de goberno, senón que é unha obriga.

Nós cremos que ese plan económico financeiro deberá de estar aprobado, antes incluso, da tramitación desta solicitude, e dende logo, consideramos que é imprescindible que

esté aprobado antes da aprobación das ordenanzas fiscais e dos orzamentos municipais para o ano 2016. Moitas grazas.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor Alcalde, e bos días compañeiros e compañeiras de corporación. Vou tamén ser breve facendo somentes dúas consideracións:

A primeira é que a concelleira esqueceu na súa intervención, de lembrar ao pleno que a aprobación deste deferimento no pago en 120 meses, vai supoñer un medre da débeda non comercial para o concello, asumible, pero hai que dicilo ao pleno.

E o segundo esquecemento, é que efectivamente, fixo unha referencia na súa intervención aos criterios, pero foi unha referencia vaga, sen determinalos.

Como moi ben establece o Real Decreto 635/2014, di que eses tres criterios, aos que se refería a concelleira, son que a 31 de decembro de 2015 se cumpra co obxectivo de estabilidade orzamentaria. Que a 31 de decembro de 2015 se cumpra co límite de débeda pública establecida nos artigos 51 a 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. E tres, que o período medio de pagamento non supere en máis de 30 días o prazo máximo establecido na normativa de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais de acordo co período medio de pago a provedores que publiquen no mes de outubro de 2015 conforme ao Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo. Polo tanto, este tamén foi un esquecemento na súa intervención.

Polo tanto, o que pide o Partido Socialista, é que se traia no seu momento tamén a pleno cal é a resolución do Ministerio de se acepta ou non acepta esa proposta, e cal é a situación de cumprimento destes criterios. A terceira consideración que fai o noso grupo é que imos votar a favor, por responsabilidade desta proposta de goberno. Nada máis e moitas grazas.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Grazas señor alcalde, e bos días a todos. Aunándonos nos argumentos explicitados esta mañá neste pleno, o Partido Popular vai votar a favor, como votou a favor da urxencia por responsabilidade. E simplemente facer dúas consideracións:

En primeiro lugar a respecto de que esta medida é posible grazas a que a nivel do Estado existe unha política economicamente responsable, que permite que os concellos poidan acollerse a esta medida que mellora a situación financeira dos mesmos.

E tamén dicir, ao respecto do cumprimento das condicións a finais deste ano 2015, que a política económica que levou a cabo a anterior corporación permitirá o cumprimento

deses obxectivos, e agardamos que a política económica que faga o actual goberno tamén permita que a 31 de decembro cumpramos eses obxectivos que están marcados no Real Decreto, e que polo tanto, poidamos acollernos e o Ministerio poida acceder á petición que facemos hoxe dende o Concello de Santiago. Moitas grazas.

Alcalde: Ben, pola nosa parte non imos entrar na segunda quenda, non sei se algún dos voceiros quere expor algo máis a maiores. Pasaríamos logo a votación señor secretario.

De conformidade coa proposta da concelleira delegada de economía e facenda, e o ditame da comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas emitido con data 27 de outubro do corrente ano, o pleno da corporación, por unanimidade dos presentes acorda:

Solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o deferimento nas devolucións dos saldos negativos resultantes da liquidación na Participación dos Tributos do Estado correspondentes ao exercicio 2013 por importe de 1.106.891,41 euros para a súa devolución en 120 mensualidades, nos termos establecidos no artigo 72 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2015 e Disposición adicional décima do Real Decreto- lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

O presente acordo quedará supeditado á acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos en dita normativa.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-presidente a dá por finalizada sendo as 8:45 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Martíño Noriega Sánchez

Fco. Javier Castiñeira Izquierdo

Comunícolle que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria urxente que tivo lugar o día 28 de outubro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

2. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA DE APROBACIÓN DE SOLICITUDE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS DE DEFERIMENTO NAS DEVOLUCIÓN DOS SALDOS NEGATIVOS RESULTANTES DA LIQUIDACIÓN NA PARTICIPACIÓN EN TRIBUTOS DO ESTADO CORRESPONDENTES AO EJERCICIO 2013 POR IMPORTE DE 1.106.891,41 EUROS PARA A SÚA DEVOLUCIÓN EN 120 MENSUALIDADES.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda de data 16 de outubro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“Os resultados da liquidación definitiva do exercicio 2013 na Participación dos Tributos do Estado, como diferenza entre a liquidación real e as entregas a conta efectuadas arroxou un resultado negativo ao ser estas superiores a aquela; no Concello de Santiago de Compostela, segundo comunicación efectuada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, dito resultado negativo ascendeu en termos globais a - 1.106.891,41 euros, segundo detalle se reflicte no estado-resume que se xunta datado o 17 de xullo de 2015.

Reprodúcese neste exercicio a situación xa xerada nos exercicios 2010 e 2011 respecto das liquidacións dos exercicios 2008 e 2009 respectivamente; respecto destas liquidacións, sucesivas modificacións legislativas concluíron no deferimento das contías a reintegrar anualmente a un período de 10 anos sendo o resultado a devolver por exercicio o seguinte:

	IMPORTE INICIAL	CONTÍA MENSUAL A REINTEGRAR ATA SETEMBRO DE 2012	CONTÍA MENSUAL A REINTEGRAR ATA DECEMBRO DE 2013	CONTÍA MENSUAL A REINTEGRAR DENDE XANEIRO DE 2014	CONTÍA MENSUAL A REINTEGRAR DENDE XANEIRO DE 2015
LIQUIDACIÓN 2008	1.921.341,67	32.022,36	4.269,66	12.808,95	5.274,27
LIQUIDACIÓN 2010	6.354.069,02	105.901,15	35.300,37	52.950,57	21.803,18

